

Curso Intensivo de Inglés B2 (12 xuño ao 20 xullo)- En liña - 2022-2023

Información da convocatoria

Tipo	CURSO INTENSIVO DE INGLÉS
Código	V23.NT.IN.B2
Nome	Curso Intensivo de Inglés B2 (12 xuño ao 20 xullo)- En liña
Curso académico	2022-2023
Nivel	B2
Modalidade	EN LÍÑA
Horas	80.00

Descrición

É un curso para persoas que queren perfeccionar o seu dominio lingüístico e acreditar o nivel B2 do MCER (Marco común europeo de referencia) para poder comunicarse satisfactoriamente no contexto dun sistema universitario internacional.

As clases impartiranse a través da plataforma VTC Campus Remoto (en síncrono)* 4 días á semana (de luns a xoves) e o traballo autónomo farase na plataforma LMS MooVi (en asíncrono), ás que o Centro de Linguas proporcionará acceso. Ademais, na procura de individualizar o procedemento de aprendizaxe, o alumnado terá á súa disposición tutorías individuais.

Información sobre o calendario (datas)

Período de matrícula	24/04/2023 - 07/06/2023
Período de docencia	12/06/2023 - 20/07/2023

Prazas e créditos

Número mínimo de participantes	12
Número máximo de participantes	15
Horas ECTS	80
Validación LE	0

Calendario

Clases virtuais (46 horas): luns, martes, mércores e xoves 12:00 a 14:00 horas

Traballo autónomo + exame (34 horas)

Exame xoves 20 de xullo

Programa

Forma de pago

Tarifas	Comunidade Universitaria	320.00 €
	Público en xeral	392.00 €
	Programa de intercambio Erasmus	200.00 €

Este curso require un pagamento inicial dunha cota de preinscrición de 15.00 € que se descontará do importe total da matrícula.

Formas de pago

Transferencia bancaria
Tarxeta bancaria
Emisora X011668 Ingreso efectivo (Banco Santander)

Impartido en

Cómo matricularse

<https://cdl.uvigo.es/>

Información > Normativa xeral > Inscripción e matrícula

Condições de acceso

<https://cdl.uvigo.es/>

Información > Normativa xeral > Acceso aos cursos

A proba de nivel realizarase virtualmente o luns 5 de xuño.

REQUISITOS IMPRESCINDIBLES PARA O ALUMNADO DO CURSO

1. Dispor dun dispositivo (teléfono móbil, tableta, portátil, ordenador, etc.) con cámara, micrófono, conexión a internet e un navegador que soporte HTML5 (Google Chrome, Mozilla Firefox, etc.);
2. Asistir á hora de clase impartida a través de Campus Remoto todos os días;
3. Conectar a cámara e o micrófono durante toda a hora;
4. Intervir sempre que sexa posible ou cada vez que o profesorado o solicite;
5. Realizar as actividades previas necesarias antes da hora de clase impartida a través de Campus Remoto;
6. Adicar entre dúas e tres horas diarias a realizar as actividades de traballo autónomo en MooVi;
7. Entregar a tempo as actividades que requiren corrección por parte do profesorado;
8. Revisar a realimentación (feedback) proporcionada polo profesorado do curso e preguntar todo o que sexa necesario;
9. Participar nos foros de MooVi regularmente;
10. Contactar co profesorado do curso sempre que se teñan dúbidas ou preguntas;